Consejo General del Poder Judicial

GOBIERNO DE ESPAÑA — MINISTERIO DE JUSTICIA

XUNTA DE GALICIA

USC — UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE EL CONSEJO GENERAL DEL PODER JUDICIAL, EL MINISTERIO DE JUSTICIA, LA COMUNIDAD AUTÓNOMA DE GALICIA Y LA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA LA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS EN JUZGADOS Y TRIBUNALES.**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL, O MINISTERIO DE XUSTIZA, A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS EN XULGADOS E TRIBUNAIS.**

En Madrid, a 04 de octubre de 2016

En Madrid, a 04 de octubre de 2016

**REUNIDOS**

**REUNIDOS**

El Presidente del Tribunal Supremo y del Consejo General del Poder Judicial, Excmo. Sr. Don Carlos Lesmes Serrano, según Acuerdo (nº2) del Pleno del Consejo General del Poder Judicial de 9 de diciembre de 2013, Real Decreto 979/2013, de 10 de diciembre (BOE de 11 de diciembre de 2013). En ejercicio de las facultades que le atribuye el artículo 585 de la Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial, modificada por la Ley Orgánica 4/2013, de 28 de junio, de reforma del Consejo General del Poder Judicial.

O Presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial, Excmo. Sr. D. Carlos Lesmes Serrano, segundo o Acordo (núm. 2) do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial do 9 de decembro de 2013 e o Real decreto 979/2013, do 10 de decembro (BOE do 11 de decembro de 2013), no exercicio das facultades que lle atribúe o artigo 585 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, modificada pola Lei orgánica 4/2013, do 28 de xuño, de reforma do Consello Xeral do Poder Xudicial.

El Ministro de Justicia en funciones, Sr. Don Rafael Catalá Polo, de acuerdo con el Real Decreto 1826/2011, de 21 de diciembre, y en uso de las competencias que le corresponden en virtud de la Disposición Adicional Decimotercera de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.

O Ministro de Xustiza en funciones, Sr. D. Rafael Catalá Polo, de acordo co Real decreto 1826/2011, do 21 de decembro, no uso das competencias que lle corresponden en virtude da disposición adicional décimo terceira da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

El Vicepresidente y Consejero de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia de la Xunta de Galicia, Sr. D. Alfonso Rueda Valenzuela, y en uso de las competencias que le corresponden en virtud del artículo 34 de la Ley 1/1983, de 22 de febrero, reguladora de la Xunta y de su Presidencia, y lo

O Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, Sr. D. Alfonso Rueda Valenzuela, no uso das competencias que lle corresponden en virtude do artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como do disposto no Decreto

XUNTA DE GALICIA · VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AA.PP. e XUSTIZA

dispuesto en el Decreto 230/2012, de 2 de diciembre, por el que es nombrado vicepresidente de la Xunta de Galicia, y en el Decreto 229/2012, por el que se nombran los titulares de los departamentos de la Xunta de Galicia.

230/2012, do 2 de decembro, polo que é nomeado vicepresidente da Xunta de Galicia, e no Decreto 229/2012, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia.

El Rector Magnífico de la Universidad de Santiago de Compostela, Excmo. Sr. D. Juan Manuel Viaño Rey, que actúa en nombre y representación de la misma en virtud del Decreto 62/2014, de 28 de mayo (DOG 4/06/2014), de su nombramiento, y por las facultades conferidas por la Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre, de Universidades, modificada por la Ley Orgánica 4/2007, de 12 de abril y el Decreto 14/2014, de 30 de enero, por el que se aprueban los estatutos de la Universidad de Santiago de Compostela.

O Reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, Excmo. Sr. D. Juan Manuel Viaño Rey, que actúa en nome e representación desta en virtude do Decreto 62/2014, do 28 de maio (DOG do 4/6/2014), do seu nomeamento, así como polas facultades conferidas a través da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, e do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Las partes se reconocen mutuamente plena capacidad de actuar en la representación legal que ostentan para suscribir el presente convenio de colaboración y, a tal fin,

As partes recoñécense mutuamente plena capacidade de actuar, na representación legal que portan, para subscribir o presente convenio de colaboración, e a tal fin

## MANIFIESTAN

**PRIMERO.-** El Estado tiene competencia exclusiva en materia de Administración de Justicia de acuerdo con el artículo 149 1.5ª de la Constitución Española.

**SEGUNDO.-** El Consejo General del Poder Judicial es el órgano de gobierno del mismo, según el artículo 122.2 de la Constitución Española, cuyas atribuciones vienen reguladas en los artículos 558 a 565 de la Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial, según redacción dada por la Ley Orgánica 4/2013, de 28 de junio, de reforma del Consejo General del Poder Judicial.

**TERCERO.-** Además, la Ley Orgánica del Poder Judicial determina que la Oficina Judicial es la organización de carácter instrumental que sirve de soporte y apoyo a la actividad jurisdiccional de juzgados y tribunales, correspondiendo la dirección de los Servicios Comunes Procesales al Cuerpo de Letrados de la Administración de Justicia, funcionarios públicos que constituyen un Cuerpo Superior Jurídico, único, de carácter nacional, al servicio de la Administración de Justicia, dependiente

## MANIFESTAN

**PRIMEIRO.** O Estado ten competencia exclusiva en materia de Administración de xustiza, de acordo co artigo 149 1.5ª da Constitución española.

**SEGUNDO.** O Consello Xeral do Poder Xudicial é o órgano de goberno deste, segundo o artigo 122.2 da Constitución española, e as súas atribucións veñen reguladas nos artigos 558 a 565 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, segundo a redacción dada pola Lei orgánica 4/2013, do 28 de xuño, de reforma do Consello Xeral do Poder Xudicial.

**TERCEIRO.** Ademais, a Lei orgánica do poder xudicial determina que a oficina xudicial é a organización de carácter instrumental que serve de soporte e apoio á actividade xurisdicional de xulgados e tribunais, así como que a dirección dos servizos comúns procesuais lle corresponde ao corpo de letrados da Administración de xustiza, funcionarios públicos que constitúen un corpo superior xurídico, único, de carácter nacional, ao servizo da Administración de xustiza, dependente do Ministerio

del Ministerio de Justicia y que ejercen sus funciones con el carácter de autoridad, ostentando la dirección de la Oficina Judicial.

de Xustiza, e que exercen as súas funcións co carácter de autoridade, desempeñando a dirección da oficina xudicial.

**CUARTO.-** El Real Decreto 2166/1994, de 4 de noviembre, sobre traspaso de funciones en materia de provisión de medios materiales y económicos para el funcionamiento de la Administración de justicia (funciones asumidas a través del Decreto 394/1994, de 29 de diciembre); el Real Decreto 2397/1996, de 22 de noviembre, sobre traspaso de funciones y servicios en materia de medios personales al servicio de la Administración de justicia (funciones asumidas a través del Decreto 438/1996, de 20 de diciembre); y el Real Decreto 233/1998, de 16 de febrero, sobre traspaso de las competencias equivalentes relativas a las fiscalías de Galicia y a los institutos de medicina legal (funciones asumidas a través del Decreto 82/1998, de 5 de marzo), que completan el proceso de transferencia de medios en materia de justicia a la Comunidad Autónoma de Galicia.

**CUARTO.** O Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 394/1994, do 29 de decembro); o Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 438/1996, do 20 de decembro); e mais o Real Decreto 233/1998, do 16 de febreiro, sobre traspaso das competencias equivalentes relativas ás fiscalías de Galicia e aos institutos de medicina legal (funcións asumidas a través do Decreto 82/1998, do 5 de marzo), completan o proceso de transferencia de medios en materia de xustiza á Comunidade Autónoma de Galicia.

**QUINTO.-** A su vez el Reglamento 1/2000, de 26 de julio, de los Órganos de Gobierno de Tribunales, en su artículo 4.ñ) prescribe que las actividades ajenas a la función judicial en edificios judiciales o en sus dependencias no podrán llevarse a cabo sin el acuerdo de la Sala de Gobierno, el de la Administración a quién corresponda la titularidad del inmueble y el de las demás Administraciones con competencias concurrentes si las hubiere.

**QUINTO.** Á súa vez, o Regulamento 1/2000, do 26 de xullo, dos órganos de goberno de tribunais, no seu artigo 4.ñ) prescribe que as actividades alleas á función xudicial en edificios xudiciais ou nas súas dependencias non se poderán levar a cabo sen o acordo da sala de goberno, o da Administración a quen corresponda a titularidade do inmoble e o das demais administracións con competencias concorrentes, se as houber.

**SEXTO.-** El Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Ley Orgánica 1/1981, de 6 de abril, establece en su artículo 20.1 que en relación con la Administración de Justicia le corresponde a la Comunidad Autónoma ejercer todas las facultades que las leyes orgánicas del poder judicial y del Consejo General del Poder Judicial reconocen o atribuyen al Gobierno del Estado. En esta cláusula estatutaria se encuentra el origen del traspaso a la Comunidad Autónoma de Galicia de las funciones que desempeñaba la Administración del Estado en materia de provisión de medios materiales y económicos para el funcionamiento de la Administración de Justicia.

**SEXTO.** O Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 20.1 que en relación coa Administración de xustiza lle corresponde á comunidade autónoma exercer todas as facultades que as leis orgánicas do poder xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial recoñecen ou atribúen ao Goberno do Estado. Nesta cláusula estatutaria atópase a orixe do traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións que desempeñaba a Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza.

**SÉPTIMO.-** Uno de los fines de la Universidad de Santiago de Compostela es el de la preparación académica y profesional de los distintos ámbitos y

**SÉTIMO.** Un dos fins da Universidade de Santiago de Compostela é o da preparación académica e profesional dos distintos ámbitos e disciplinas dos seus estudantes,

disciplinas de sus estudiantes y para dar cumplimiento a este objetivo, resulta de interés la organización de prácticas externas que completen los conocimientos adquiridos en las aulas.

e para dar cumprimento a este obxectivo resulta de interese a organización de prácticas externas que completen os coñecementos adquiridos nas aulas.

**OCTAVO.-** Las instituciones firmantes manifiestan su más amplia coincidencia en diversos fines de interés común, siendo uno de ellos el de la formación integral de alumnado universitario, a través de una formación que combine la teoría y la práctica.

**OITAVO.** As institucións asinantes manifestan a súa máis ampla coincidencia en diversos fins de interese común, sendo un deles o da formación integral de alumnado universitario a través dunha formación que combine a teoría e a práctica.

**NOVENO.-** El Real Decreto 592/2014, de 11 de julio, por el que se regulan las prácticas académicas externas de los estudiantes universitarios, desarrolla aspectos tales como los objetivos de las prácticas, las entidades colaboradoras y los destinatarios, requisitos, tutorías y contenidos de los convenios de cooperación educativa. Además, dicha regulación ha de promover la incorporación de estudiantes en prácticas en el ámbito de las administraciones públicas, impulsando la empleabilidad de los futuros profesionales, fomentando su capacidad de emprendimiento, creatividad e innovación y dando respuesta al compromiso con la transformación económica basada en la sociedad del conocimiento.

**NOVENO.** O Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, desenvolve aspectos tales como os obxectivos das prácticas, as entidades colaboradoras, os destinatarios, os requisitos, as titorías e os contidos dos convenios de cooperación educativa. Ademais, a dita regulación debe promover a incorporación de estudantes en prácticas no ámbito das administracións públicas, impulsando a empregabilidade dos futuros profesionais, fomentando a súa capacidade de emprendemento, creatividade e innovación e dando resposta ao compromiso coa transformación económica baseada na sociedade do coñecemento.

**DÉCIMO.-** El presente convenio se ajusta al modelo de Convenio Prácticum aprobado por la Comisión Permanente del Consejo General del Poder Judicial (Acuerdo V.8º, de fecha 29 de abril de 2014).

**DÉCIMO.** O presente convenio axústase ao modelo de convenio prácticum aprobado pola Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial (Acordo V.8º do 29 de abril de 2014).

**UNDÉCIMO.-** Es deseo de las instituciones firmantes la organización de prácticas externas en juzgados y tribunales en la forma que se detalla en la parte dispositiva de este convenio, por considerar que esta actividad puede resultar de gran interés para la formación de profesionales que en un futuro pudieran colaborar o dar servicio a la Administración de Justicia, lo que redundará en una mayor calidad de la misma.

**UNDÉCIMO.** É desexo das institucións asinantes a organización de prácticas externas en xulgados e tribunais na forma que se detalla na parte dispositiva deste convenio, por considerar que esta actividade pode resultar de grande interese para a formación de profesionais que nun futuro poidan colaborar ou dar servizo á Administración de xustiza, o que redundará nunha maior calidade desta.

Dicha colaboración se concreta en que el alumnado que cursa estudios en la Universidad de Santiago de Compostela pueda realizar prácticas externas en juzgados y tribunales de la Comunidad Autónoma de Galicia de conformidad con las siguientes,

A dita colaboración concrétase en que o alumnado que cursa estudos na Universidade de Santiago de Compostela poida realizar prácticas externas en xulgados e tribunais da Comunidade Autónoma de Galicia de conformidade coas seguintes

**CLÁUSULAS**

**CLÁUSULAS**

XUNTA DE GALICIA - VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AA PP e XUSTIZA

Consejo General del Poder Judicial

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE JUSTICIA

XUNTA DE GALICIA

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Primera: Objeto y compromisos de las partes.**

Constituye el objeto del presente convenio la realización de prácticas externas curriculares y extracurriculares (en adelante, prácticas externas) por el alumnado matriculado en la asignatura de prácticas académicas, de estudios oficiales de grado y/o máster que imparte la Universidad de Santiago de Compostela y siempre de titulaciones relacionadas con profesionales de la Administración de Justicia, en los juzgados y tribunales de la Comunidad Autónoma de Galicia.

Por un lado la Vicepresidencia y Consejería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia de la Xunta de Galicia se compromete a permitir la realización de las prácticas externas objeto del presente convenio, así como a facilitar el acceso del alumnado a las sedes de los juzgados y tribunales.

Por otro lado, la Universidad de Santiago de Compostela se compromete a que la persona o personas que ejerza/n la tutoría de las prácticas en el órgano judicial pueda disfrutar de los siguientes derechos, en el marco de la normativa propia de la Universidad de Santiago de Compostela que sea de aplicación:

a) Reconocimiento de su actividad colaboradora mediante documento acreditativo expedido por la Universidad de Santiago de Compostela que certifique su actividad como tutor/a de estudiantes en prácticas.

b) Ser informada acerca de la normativa que regula las prácticas externas así como del proyecto formativo y de las condiciones de su desarrollo.

c) Tener acceso a la Universidad para obtener la información y el apoyo necesarios en el cumplimiento de los fines propios de su función.

d) Disfrutar del acceso a bibliotecas, instalaciones deportivas o actividades culturales, entre otras.

La colaboración que prestan el Consejo General del Poder Judicial, el Ministerio de Justicia y la Comunidad Autónoma de Galicia estará siempre supeditada a las

**Primeira.** ***Obxecto e compromisos das partes.***

Constitúe o obxecto do presente convenio a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares (de aquí en diante, prácticas externas) por parte do alumnado matriculado na materia de prácticas académicas de estudos oficiais de grao e/ou mestrado que imparte a Universidade de Santiago de Compostela, e sempre de titulacións relacionadas con profesionais da Administración de xustiza, nos xulgados e tribunais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por un lado, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia comprométese a permitir a realización das prácticas externas obxecto do presente convenio, así como a facilitar o acceso do alumnado ás sedes dos xulgados e tribunais.

Por outro lado, a Universidade de Santiago de Compostela comprométese a que a persoa ou persoas que exerza/n a titoría das prácticas no órgano xudicial poida/n gozar dos seguintes dereitos, no marco da normativa propia da Universidade de Santiago de Compostela que sexa de aplicación:

a) Recoñecemento da súa actividade colaboradora mediante documento acreditativo expedido pola Universidade de Santiago de Compostela que certifique a súa actividade como titor/a de estudantes en prácticas.

b) Ser informada acerca da normativa que regula as prácticas externas, así como do proxecto formativo e das condicións do seu desenvolvemento.

c) Ter acceso á Universidade para obter a información e o apoio necesarios no cumprimento dos fins propios da súa función.

d) Gozar do acceso a bibliotecas, instalacións deportivas ou actividades culturais, entre outras.

A colaboración que prestan o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Ministerio de Xustiza e a Comunidade Autónoma de Galicia estará sempre supeditada ás

XUNTA DE GALICIA · VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AA.PP. e XUSTIZA

necesidades y disponibilidad del juzgado o tribunal donde se realicen las prácticas externas, por lo que surgida tal necesidad o falta de disponibilidad, en su caso, el convenio quedará suspendido, en tanto persistan estas situaciones o, en su caso extinguido sin que sea preciso denuncia previa en este sentido y sin derecho a reclamación alguna por parte de la Universidad de Santiago de Compostela o concesión de indemnización o compensación a su favor.

**Segunda: Condiciones y requisitos generales de las prácticas.**

Las prácticas externas se ajustarán en todo caso a la normativa vigente, y en especial a lo establecido en el Real Decreto 592/2014, de 11 de julio, por el que se regulan las prácticas académicas externas de los estudiantes universitarios.

Las condiciones y requisitos específicos de la formación recogida en el objeto del convenio se detallarán en los correspondientes anexos de titulación que se incorporarán al convenio una vez consensuados por la comisión de seguimiento y control del mismo, y firmados por las partes.

Se establecen dos modalidades de prácticas externas que pueden ser concurrentes:

a) Prácticas curriculares. Son las prácticas que tienen su origen en los diversos planes de estudios, que son obligatorias para obtener la titulación requerida.

b) Prácticas extracurriculares. Son aquellas que los estudiantes realizan con carácter voluntario, durante su período de formación y que, aun teniendo los mismos fines, no están incluidas en los planes de estudios, sin perjuicio de su mención posterior en el Suplemento Europeo al Título.

El alumnado será propuesto por la persona que ejerza la Dirección de las prácticas externas de la Universidad de Santiago de Compostela. La gestión de las prácticas dentro de la Universidad podrá ser realizada tanto por parte de los centros propios de esta como de los centros adscritos (Escuela Universitaria de Trabajo Social, para la titulación de Grado en Trabajo Social) o entidades encargadas de la docencia con las que la Universidad tenga suscrito el correspondiente convenio

necesidades e dispoñibilidade do xulgado ou tribunal onde se realicen as prácticas externas, polo que xurdida tal necesidade ou falta de dispoñibilidade, o convenio quedará suspendido entrementres persistan estas situacións ou, se é o caso, extinguido, sen que sexa preciso denuncia previa neste sentido e sen dereito a reclamación ningunha por parte da Universidade de Santiago de Compostela nin concesión de indemnización ou compensación ao seu favor.

**Segunda. *Condicións e requisitos xerais das prácticas.***

As prácticas externas axustaranse en todo caso á normativa vixente, e en especial ao establecido no Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.

As condicións e requisitos específicos da formación recollida no obxecto do convenio detallaranse nos correspondentes anexos de titulación, que se incorporarán ao convenio unha vez concordados pola comisión de seguimento e control do mesmo e asinados polas partes.

Establécense dúas modalidades de prácticas externas, que poden ser concorrentes:

a) Prácticas curriculares.- Son as prácticas que teñen a súa orixe nos diversos plans de estudos, que son obrigatorias para obter a titulación requirida.

b) Prácticas extracurriculares.- Son aquelas que os estudantes realizan con carácter voluntario durante o seu período de formación e que, inda tendo os mesmos fins ca as curriculares, non están incluídas nos plans de estudos, sen prexuízo da súa mención posterior no Suplemento Europeo ao Título.

O alumnado será proposto pola persoa que exerza a dirección das prácticas externas da Universidade de Santiago de Compostela. A xestión das prácticas dentro da Universidade poderá ser realizada tanto por parte dos centros propios desta coma dos centros adscritos (Escola Universitaria de Traballo Social, para a titulación de grao en Traballo Social) ou entidades encargadas da docencia coas que a Universidade teña subscrito o correspondente convenio de colaboración (ilustres

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AA PP E XUSTIZA

Consejo General del Poder Judicial

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE JUSTICIA

XUNTA DE GALICIA

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de colaboración (Ilustres Colegios de Abogados de Santiago y Lugo, en el caso del Máster en Abogacía).

Las prácticas externas del alumnado se ajustarán a las necesidades organizativas establecidas por la persona o personas que ejerce/n su tutoría donde se realicen las mismas, de tal modo que no se entorpezca el desempeño normal de sus funciones.

El acceso del alumnado a las actuaciones judiciales se producirá en la medida que lo permita la situación del procedimiento, su declaración o no de secreto y quedando salvaguardado el deber de reserva o sigilo y preservada, en todo caso, la identidad de las personas implicadas o partes.

Las prácticas externas tendrán la duración que determine la Universidad de Santiago de Compostela, realizándose en horario de mañana en los juzgados o tribunales, en ambos casos a establecer por la persona responsable de los mismos en función del mejor funcionamiento del órgano jurisdiccional.

En los supuestos de faltas reiteradas de puntualidad, asistencia, incorrecto comportamiento del alumnado o perturbación del normal funcionamiento del juzgado o tribunal donde se realicen las prácticas externas, el Consejo General del Poder Judicial, el Ministerio de Justicia, la Comunidad Autónoma de Galicia o los juzgados y tribunales afectados, podrán suspender de forma inmediata y cautelar dichas prácticas, poniéndolo en conocimiento de la Universidad, para que adopte las medidas que considere oportunas.

El Consejo General del Poder Judicial, el Ministerio de Justicia y la Junta de Galicia quedan eximidos de cualquier responsabilidad respecto al alumnado del curso, cuyas prácticas externas son de carácter estrictamente académico. En ningún caso, se entenderá que entre las partes se establecen relaciones contractuales de clase mercantil, civil o laboral, ni su contenido podrá dar lugar a la sustitución de la prestación laboral propia de puestos de trabajo cubriendo así necesidades ordinarias de la Administración de Justicia en detrimento de personal público al que le correspondería ocupar las plazas que tuviesen atribuido el desempeño de esas funciones, en lugar de recibir una adecuada formación práctica, todo ello al no concurrir los requisitos que exigen las leyes.

colexios de avogados de Santiago e Lugo, no caso do mestrado en Avogacía).

As prácticas externas do alumnado axustaranse ás necesidades organizativas establecidas pola persoa ou persoas que exerce/n a súa titoría no lugar onde se realicen as mesmas, de tal modo que non se entorpeza o desempeño normal das súas funcións.

O acceso do alumnado ás actuacións xudiciais producirase na medida en que o permita a situación do procedemento e a súa declaración ou non de secreto, e quedando salvagardado o deber de reserva ou sixilo e preservada, en todo caso, a identidade das persoas implicadas ou partes.

As prácticas externas terán a duración que determine a Universidade de Santiago de Compostela e realizaranse en horario de mañá nos xulgados ou tribunais, horario que en ambos os casos establecerá a persoa responsable dos mesmos en función do mellor funcionamento do órgano xurisdicional.

Nos supostos de faltas reiteradas de puntualidade, asistencia, incorrecto comportamento do alumnado ou perturbación do normal funcionamento do xulgado ou tribunal onde se realicen as prácticas externas, o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Ministerio de Xustiza, a Comunidade Autónoma de Galicia ou os xulgados e tribunais afectados poderán suspender de forma inmediata e cautelar as ditas prácticas, póndoo en coñecemento da Universidade para que adopte as medidas que considere oportunas.

O Consello Xeral do Poder Xudicial, o Ministerio de Xustiza e a Xunta de Galicia quedan eximidos de calquera responsabilidade respecto ao alumnado do curso, cuxas prácticas externas son de carácter estritamente académico. En ningún caso se entenderá que entre as partes se establecen relacións contractuais de clase mercantil, civil ou laboral, nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo de xeito tal que se cubran necesidades ordinarias da Administración de xustiza en detrimento de persoal público ao que lle correspondería ocupar as prazas que tivesen atribuído o desempeño desas funcións, en lugar de recibir unha adecuada formación práctica, ao non concorreren os requisitos que esixen as leis. Como consecuencia disto, o Consello

XUNTA DE GALICIA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA ... AA.PP.

Consejo General del Poder Judicial

GOBIERNO DE ESPAÑA — MINISTERIO DE JUSTICIA

XUNTA DE GALICIA

USC — UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Como consecuencia de ello, el Consejo General del Poder Judicial, el Ministerio de Justicia y la Junta de Galicia no están obligados a realizar contraprestación económica alguna.

**Tercera: Cobertura de riesgos.**

La contingencia de accidentes sufridos o que ocasione el alumnado durante la realización de las prácticas externas a que se refiere el presente convenio será asumida, exclusivamente, por el Seguro Escolar y la Universidad de Santiago de Compostela.

La Universidad estará obligada a suscribir una póliza de seguros para cubrir los daños de cualquier tipo que pudiera ocasionar el alumnado participante en las prácticas externas, así como aquellos que pudiera padecer el mismo en caso de accidente, en los casos en los que no lo asuma el Seguro Escolar, durante todo el periodo de duración, de acuerdo con la normativa de gestión académica de la Universidad.

**Cuarta: Condiciones específicas de las prácticas externas.**

El alumnado estará obligado a:

- Cumplir los horarios y seguir las normas fijadas por el juzgado o tribunal donde se realicen las prácticas externas.
- Adoptar una actitud activa en las tareas que se le encomienden, inherentes a las líneas de formación para las que han sido seleccionados/as.
- Mantener contacto con la persona o personas que ejercen la tutoría y con la persona que ejerce la Dirección de las prácticas externas, si se designan, en la forma en que se establezca.
- Cumplir las normas de prevención de riesgos laborales.
- Mantener el deber de secreto y confidencialidad en materia de medios, procesos o de aquellas actuaciones judiciales o administrativas de las que pudieran tener

Xeral do Poder Xudicial, o Ministerio de Xustiza e a Xunta de Galicia non están obrigados a realizar contraprestación económica ningunha.

**Terceira.** ***Cobertura de riscos.***

A continxencia de accidentes sufridos ou que ocasione o alumnado durante a realización das prácticas externas a que se refire o presente convenio será asumida, exclusivamente, polo seguro escolar e a Universidade de Santiago de Compostela.

A Universidade estará obrigada a subscribir unha póliza de seguros para cubrir os danos de calquera tipo que poida ocasionar o alumnado participante nas prácticas externas, así como aqueles que poida padecer o dito alumnado en caso de accidente, nos supostos en que non o asuma o seguro escolar e durante todo o período de duración, de acordo coa normativa de xestión académica da Universidade.

**Cuarta.** ***Condicións específicas das prácticas externas.***

O alumnado estará obrigado a:

- Cumprir os horarios e seguir as normas fixadas polo xulgado ou tribunal onde se realicen as prácticas externas.
- Adoptar unha actitude activa nas tarefas que se lle encomenden, inherentes ás liñas de formación para as que foi seleccionado.
- Manter contacto coa persoa ou persoas que exerce/n a titoría e coa persoa que exerce a dirección das prácticas externas, se é que se designa, na forma en que se estableza.
- Cumprir as normas de prevención de riscos laborais.
- Manter o deber de segredo e confidencialidade en materia de medios, procesos ou daquelas actuacións xudiciais ou administrativas das que poidan ter coñecemento por razón das prácticas

XUNTA DE GALICIA - VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA ...

Consejo General del Poder Judicial — Gobierno de España, Ministerio de Justicia — Xunta de Galicia — USC Universidade de Santiago de Compostela

conocimiento por razón de las prácticas externas realizadas durante su estancia en el juzgado o tribunal donde se realicen inclusive una vez finalizadas éstas, para lo cual deberá suscribir el Anexo del presente convenio.

- En caso de que esté establecido, entregar la memoria final en el plazo previsto a la persona que desempeñe la tutoría académica, a fin de poder superar las prácticas externas curriculares y la correspondiente mención favorable en las prácticas externas extracurriculares.

Los/las estudiantes que realicen las prácticas no llevarán a cabo ninguna de las funciones atribuidas en los artículos 476, 477 y 478 de la Ley Orgánica del Poder Judicial a los Cuerpos Generales al servicio de la Administración de Justicia.

El alumnado tiene derecho a:

- Desarrollar la actividad en que consistan las prácticas y en el horario estipulado.
- Obtener una certificación final del desarrollo de su actividad y del nivel de aprovechamiento alcanzado.
- Obtener permiso para acudir a las convocatorias de evaluación que le afecten.

El juzgado o tribunal donde se realicen las prácticas externas, nombrará a la persona o personas que ejercerá/n la tutoría de las mismas, que podrá recaer en Magistrado/a, Juez/a o Letrado/a de la Administración de Justicia. La persona designada para realizar la tutoría debe obtener la declaración de compatibilidad con carácter previo al ejercicio de la actividad. La misión de estas personas será:

- Fijar el plan de trabajo del alumnado.
- Orientar al mismo en sus dudas y dificultades.
- Evaluar la actividad del/la alumna/o mediante un informe.

Se podrá establecer una tutoría mixta desempeñada por Juez/a o Magistrado/a y Letrado/a de la Administración de Justicia.

El alumnado que finalice el periodo establecido de

externas realizadas durante a súa estancia no xulgado ou tribunal onde se leven a cabo, incluso unha vez finalizadas estas, para o cal deberán subscribir o anexo do presente convenio.

- En caso de que estea establecido, entregarlle a memoria final no prazo previsto á persoa que desempeñe a titoría académica, a fin de poder superar as prácticas externas curriculares e de obter a correspondente mención favorable nas prácticas externas extracurriculares.

Os/As estudantes que realicen as prácticas non levarán a cabo ningunha das funcións atribuídas nos artigos 476, 477 e 478 da Lei orgánica do poder xudicial aos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza.

O alumnado ten dereito a:

- Desenvolver a actividade en que consistan as prácticas e no horario estipulado.
- Obter unha certificación final do desenvolvemento da súa actividade e do nivel de aproveitamento alcanzado.
- Obter permiso para acudir ás convocatorias de avaliación que lle afecten.

O xulgado ou tribunal onde se realicen as prácticas externas nomeará a persoa ou persoas que exercerá/n a titoría das mesmas, que poderá recaer en maxistrado/a, xuíz/a ou letrado/a da Administración de xustiza. A persoa designada para realizar a titoría debe obter a declaración de compatibilidade con carácter previo ao exercicio da actividade. A misión destas persoas será:

- Fixar o plan de traballo do alumnado.
- Orientar a este nas súas dúbidas e dificultades.
- Avaliar a actividade do alumno ou alumna mediante un informe.

Poderase establecer unha titoría mixta desempeñada por xuíz/a ou maxistrado/a e letrado/a da Administración de xustiza.

O alumnado que finalice o período establecido de

XUNTA DE GALICIA — VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA

Consejo General del Poder Judicial

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE JUSTICIA

XUNTA DE GALICIA

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

prácticas externas recibirá un certificado expedido por el juzgado o tribunal, donde consten las horas realizadas, la naturaleza de las actividades llevadas a cabo y el nivel alcanzado según la persona o personas que ejerzan la tutoría de las mismas.

La Universidad de Santiago de Compostela emitirá un documento acreditativo a la persona o personas que ejerza/n la tutoría que lo soliciten, por la colaboración prestada en el programa de prácticas externas.

**Quinta: Protección de Datos.**

Todos los afectados por el presente convenio devendrán obligados por las disposiciones y exigencias de la normativa reguladora de la Protección de Datos de Carácter Personal. En concreto por la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal y resto de normativa de desarrollo.

**Sexta: Financiación.**

El presente convenio no conlleva obligaciones financieras o contraprestación económica para ninguna de las partes.

**Séptima: Difusión.**

La Universidad de Santiago de Compostela se compromete a destacar en su Memoria anual y en cuantas acciones realice para difusión de las actividades objeto de este convenio, la colaboración prestada por el Consejo General del Poder Judicial, el Ministerio de Justicia, la Junta de Galicia y los tribunales y juzgados afectados.

Este convenio será objeto de publicación, de acuerdo con lo previsto en la Ley 1/2016, de 18 de enero, de transparencia y buen gobierno de la Administración pública gallega. Así mismo, se incluirá en el Registro Público de Ayudas, Subvenciones y Convenios, de conformidad con el Decreto 132/2006, de 27 de julio, por el que se regulan los registros públicos creados en los artículos 44 y 45 de la Ley 7/2005, de 29 de diciembre, de presupuestos generales de la Comunidad Autónoma de Galicia para el año 2006, y con el artículo 16 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de

prácticas externas recibirá un certificado expedido polo xulgado ou tribunal no que consten as horas realizadas, a natureza das actividades levadas a cabo e o nivel alcanzado segundo a persoa ou persoas que exerza/n a titoría das mesmas.

A Universidade de Santiago de Compostela emitirá un documento acreditativo á persoa ou persoas que exerza/n a titoría, e que así o soliciten, pola colaboración prestada no programa de prácticas externas.

**Quinta. *Protección de datos.***

Todos os afectados polo presente convenio devirán obrigados polas disposicións e esixencias da normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal, e en concreto pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e resto de normativa de desenvolvemento.

**Sexta. *Financiamento.***

O presente convenio non implica obrigas financeiras ou contraprestación económica para ningunha das partes.

**Sétima. *Difusión.***

A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a destacar na súa memoria anual, e en cantas accións realice para a difusión das actividades obxecto deste convenio, a colaboración prestada polo Consello Xeral do Poder Xudicial, o Ministerio de Xustiza, a Xunta de Galicia e os tribunais e xulgados afectados.

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluirase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

XUNTA DE GALICIA · VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AA.PP. e XUSTIZA

Galicia.

Las partes firmantes del convenio manifiestan su consentimiento para que los datos personales que constan en este convenio, así como el resto de las especificaciones contenidas en el mismo, puedan ser publicados en el Portal de transparencia y Gobierno abierto.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

**Octava: Comisión de seguimiento y control.**

Para el adecuado seguimiento, coordinación, control e interpretación de lo establecido en el presente convenio, se crea una comisión de seguimiento paritaria integrada por dos miembros designados por cada una de las instituciones firmantes y un/a representante de la Delegación del Gobierno en la Comunidad Autónoma de Galicia que forma parte de la representación del Ministerio de Justicia en la citada comisión. La comisión se reunirá al menos una vez al año y cuando lo determinen las partes.

En el seno de la comisión de seguimiento se valorará la incorporación de nuevos anexos de titulación, de entre las impartidas por la Universidad de Santiago de Compostela en desarrollo del Plan Bolonia y según lo establecido en el objeto del convenio, que una vez consensuados por la comisión y firmados por las partes, se incorporarán al convenio.

La comisión se regirá, en cuanto a su funcionamiento, periodicidad de las reuniones y vinculación de sus acuerdos, por lo dispuesto en el Capítulo II del Título II de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, que regula el funcionamiento de los órganos colegiados.

**Oitava.** ***Comisión de seguimento e control.***

Para o axeitado seguimento, coordinación, control e interpretación do establecido no presente convenio créase unha comisión de seguimento paritaria integrada por dous membros designados por cada unha das institucións asinantes e un/unha representante da Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia, que forma parte da representación do Ministerio de Xustiza na citada comisión. A comisión reunirase polo menos unha vez ao ano e cando o determinen as partes.

No seo da comisión de seguimento valorarase a incorporación de novos anexos de titulación de entre as impartidas pola Universidade de Santiago de Compostela en desenvolvemento do Plan Boloña, e segundo o establecido no obxecto do convenio, que unha vez concordados pola comisión e asinados polas partes se incorporarán ao convenio.

A comisión rexerase, en canto ao seu funcionamento, periodicidade das reunións e vinculación dos seus acordos, polo disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que regula o funcionamento dos órganos colexiados.

**Novena: Efectos del convenio.**

El presente convenio de colaboración tendrá efectos de dos años naturales a partir del día de su firma, y será prorrogable a su término mediante acuerdo expreso por igual periodo, que deberá formalizarse con un mes de antelación a la expiración del convenio.

Asimismo, cualquiera de las partes firmantes podrá proceder a su denuncia expresa con un plazo mínimo de tres meses a la fecha en que se pretenda su

**Novena.** ***Efectos do convenio.***

O presente convenio de colaboración terá efectos de dous anos naturais a partir do día da súa sinatura e será prorrogable ao seu termo mediante acordo expreso por igual período, que se deberá formalizar cun mes de antelación á expiración do convenio.

Así mesmo, calquera das partes asinantes poderá proceder á súa denuncia expresa cun prazo mínimo de tres meses á data en que se pretenda a súa expiración.

Consejo General del Poder Judicial | GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE JUSTICIA | XUNTA DE GALICIA | USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

expiración.

**Décima: Causas de resolución.**

El presente convenio se entenderá resuelto por alguna de las siguientes causas:

a) Expiración de sus efectos.
b) Mutuo acuerdo de las partes.
c) Incumplimiento de sus fines.
d) Denuncia, según lo establecido en la cláusula novena.
e) Imposibilidad sobrevenida del objeto del convenio.

Desde la fecha del acuerdo de resolución del convenio o de la notificación de la voluntad de extinción, en los términos de la presente cláusula, la colaboración se mantendrá, en todo caso, y continuarán hasta su finalización las actividades de prácticas iniciadas con anterioridad a la fecha de referencia, siempre condicionado a lo establecido en el último párrafo de la cláusula primera del presente convenio.

**Undécima: Naturaleza del convenio de colaboración y resolución de controversias.**

El presente convenio de colaboración tiene naturaleza administrativa, quedando excluido del ámbito de aplicación del Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público al amparo de lo dispuesto en su artículo 4.1 C). No obstante, los principios de dicho texto sí serán de aplicación para resolver las dudas y lagunas que puedan plantearse y no se resolvieran por la comisión de seguimiento a que se refiere la cláusula octava, como establece el artículo 4.2 del mismo texto legal.

Al tener naturaleza administrativa, el orden jurisdiccional Contencioso-Administrativo será el competente para resolver las cuestiones litigiosas que pudieran suscitarse entre las partes, todo ello de conformidad con lo dispuesto en los artículos 1 y 2 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de dicha jurisdicción.

Y, de conformidad con cuanto antecede, en el ejercicio de las facultades que legalmente corresponden a cada uno de los firmantes, obligando con ello a las

**Décima.** ***Causas de resolución.***

O presente convenio entenderase resolto por algunha das seguintes causas:

a) Expiración dos seus efectos.
b) Mutuo acordo das partes.
c) Incumprimento dos seus fins.
d) Denuncia, segundo o establecido na cláusula novena.
e) Imposibilidade sobrevida do obxecto do convenio.

Desde a data do acordo de resolución do convenio ou da notificación da vontade de extinción, nos termos da presente cláusula, a colaboración manterase en todo caso e continuarán ata a súa finalización as actividades de prácticas iniciadas con anterioridade á data de referencia, sempre condicionado ao establecido no último parágrafo da cláusula primeira do presente convenio.

**Undécima.** ***Natureza do convenio de colaboración e resolución de controversias.***

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa, quedando excluído do ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, ao amparo do disposto no seu artigo 4.1.c). Non obstante, os principios do dito texto si serán de aplicación para resolver as dúbidas e lagoas que poidan xurdir e non sexan resoltas pola comisión de seguimento a que se refire a cláusula oitava, como establece o artigo 4.2 do mesmo texto legal.

Ao ter natureza administrativa, a orde xurisdicional contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas que se poidan suscitar entre as partes, de conformidade co disposto nos artigos 1 e 2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

E de conformidade con canto antecede, os asinantes, no exercicio das facultades que legalmente lles corresponden e mediante as cales obrigan as

XUNTA DE GALICIA · VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AA.PP. e XUSTIZA

Instituciones que representan, suscriben el presente convenio por cuadruplicado ejemplar en el lugar y fecha señalados al principio.

instituciόns que representan, subscriben o presente convenio por cuadruplicado exemplar no lugar e data sinalados ao principio.

**EL PRESIDENTE DEL TRIBUNAL SUPREMO Y DEL CONSEJO GENERAL DEL PODER JUDICIAL,**

Carlos Lesmes Serrano

**EL MINISTRO DE JUSTICIA,**

Rafael Catalá Polo

**EL VICEPRESIDENTE Y CONSEJERO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PÚBLICAS Y JUSTICIA DE LA XUNTA DE GALICIA,**

Alfonso Rueda Valenzuela

**EL RECTOR DE LA UNIVERSIDAD,**

Juan Manuel Viaño Rey

Consejo General del Poder Judicial | GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE JUSTICIA | XUNTA DE GALICIA | USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## ANEXO

En ................. a, de de

| DATOS DEL ESTUDIANTE SELECCIONADO | | | |
|---|---|---|---|
| Nombre y Apellidos: | | | DNI: |
| Titulación que cursa: | | Centro: | |
| Domicilio: | Municipio: | Provincia: | Cód. Postal: |
| Teléfono móvil: | Teléfono fijo: | e-mail: | |

| DATOS DEL JUZGADO O TRIBUNAL DONDE SE REALIZARÁ LA PRÁCTICA | |
|---|---|
| Denominación: | |
| Domicilio del Juzgado o Tribunal donde se realizará la práctica: | |
| Municipio: | Provincia: |

| DESCRIPCIÓN DE LA PRÁCTICA | | | |
|---|---|---|---|
| Ref. Convocatoria: | Modalidad de la práctica: | Centro gestor: | |
| Fecha inicio: | Fecha final: | Total horas: | Total meses: |
| Horario:<br>(Los horarios, en todo caso, serán compatibles con la actividad académica, formativa y de representación y participación desarrollada por el estudiante en la universidad.) | | | |
| Tutor del Juzgado o Tribunal : | email: | Teléfono: | |
| Tutor de la Universidad: | email: | Teléfono: | |
| proyecto formativo (tareas a desarrollar): | | | |

| DECLARA: | | |
|---|---|---|
| El/la alumno/a manifiesta conocer y aceptar las condiciones y compromisos establecidos en el convenio y da su conformidad para realizar las citadas prácticas externas asumiendo el compromiso del deber de secreto y confidencialidad en materia de datos de las personas, procesos y actuaciones judiciales de las que pudiera tener conocimiento, manteniendo el secreto durante y una vez finalizado el periodo de prácticas externas; así como conocer que en caso de incumplimiento incurriría en las responsabilidades a que hubiere lugar. | | |
| Por parte del Juzgado o Tribunal donde se realiza la práctica | Por parte del estudiante | Por parte de la Universidad |
| Fdo. | Fdo. | Fdo. |

XUNTA DE GALICIA - VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA ...